



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes opcións que se propón, se corresponde cunha ferramenta de código aberto para a monitoraxe de redes informáticas:

- A) LunarWinds.
- B) Zabbix.
- C) Nagios.
- D) Nagios.

2. Que é a firma electrónica avanzada?:

- A) A firma electrónica xerada mediante un dispositivo seguro de creación de firma, e que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio anterior dos datos asinados.
- B) A firma electrónica que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire, e que foi creada por medios que a autoridade de certificación pode manter baixo o seu exclusivo control.
- C) A firma electrónica que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire, e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.
- D) A firma electrónica que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e que foi creada por medios que a autoridade de certificación pode manter baixo o seu exclusivo control.

3. Cal das seguintes afirmacións sobre o protocolo IKE é correcta?:

- A) Xestiona a calidade do servizo (QoS) dunha conexión VPN.
- B) Na primeira fase, establece múltiples Asociacións de Seguridade (SA), unha por cada servizo subxacente.
- C) Emprega un intercambio secreto de claves de tipo Diffie–Hellman.
- D) Envía paquetes exclusivamente a través do protocolo UDP para garantir a velocidade.

4. ¿Cal destas afirmacións sobre o dominio dentro da estrutura do Modelo Relacional é VERDADEIRA?:

- A) Un dominio non contén todos os posibles valores que pode tomar un determinado atributo. Dous atributos distintos poden ter o mesmo dominio.
- B) Un dominio é un conxunto finito de valores do mesmo tipo.
- C) Os dominios non posúen un nome para poder referirnos a el e así poder ser reutilizable en máis dun atributo.
- D) Todas as respostas son correctas.

5. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, a que autoridade corresponde supervisar a aplicación desta Lei e do Regulamento (UE) 2016/679?:

- A) Axencia Internacional de Protección de Datos.
- B) CCN–CERT.
- C) Axencia Española de Protección de Datos.
- D) Ministerio de Xustiza.

6. A técnica de contención de corredores fríos e quentes nos CPD, está orientada a:

- A) Optimización da seguridade física.
- B) Optimización da climatización.
- C) Sectorización ante incendios.
- D) Sectorización para a seguridade física.

7. A que se refire o termo Pentest?:

- A) Método de avaliación da seguridade dun sistema informático ou rede mediante a simulación dun ataque dunha fonte maliciosa.
- B) Tipo de software malicioso que analiza un sistema buscando vulnerabilidades.
- C) Análise da resposta dun dispositivo criptográfico ante diferentes fallos provocados, co obxecto de inferir información acerca das claves usadas.
- D) Termo que fai referencia ás investigacións e estudos de emanacións comprometedoras (emisións electromagnéticas non intencionadas, producidas por equipos eléctricos e electrónicos que poidan levar á obtención de información) e ás medidas aplicadas á protección contra as devanditas emanacións.

8. A efectos do Regulamento (UE) 2016/679, entenderase por “datos persoais”:

- A) Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable.
- B) Toda información sobre unha persoa física ou xurídica identificada ou identificable.
- C) Toda información de carácter especial sobre unha persoa física identificada ou identificable.
- D) Toda información sobre unha persoa física.

9. Cal das seguintes afirmacións sobre RIS e PACS NON é correcta?:

- A) RIS e PACS traballan conxuntamente.
- B) RIS e PACS non interoperan mediante protocolos DICOM.
- C) RIS xestiona tarefas administrativas do servizo de radioloxía e PACS almacena e distribúe imaxes das modalidades.
- D) As imaxes do PACS pódense agrupar en series e estas, á súa vez, en estudos.

10. Que contén un arquivo WSDL?:

- A) Unha notificación XML para describir a interface pública dun servizo web.
- B) Unha notificación HTML compilada.
- C) Unha configuración de comunicacións ADSL de Windows Server 2016.
- D) Ficheiros de código fonte dos servizos web.

11. Que tipo de malware permite ao atacante ocultar a súa presenza?:

- A) Ransomware.
- B) Rootkit.
- C) Troiano.
- D) Hoax.

12. Ata que frecuencia funciona hoxe en día a tecnoloxía bluetooth?:

- A) 7 GHz.
- B) 3 GHz.
- C) 1,35 GHz.
- D) 2,4 GHz.

13. Para que se utiliza un Host Bus Adapter (HBA)?:

- A) Para reducir a latencia entre un CPD e outro da mesma organización.
- B) Para mellorar a velocidade de procesamento nos supercomputadores.
- C) Para a conexión dos servidores de aplicacións cos servidores de almacenamento mediante fibra.
- D) Para a redución de consumo enerxético nos CPD.

14. Que é un SSD?:

- A) Solid State Drive. É un dispositivo de almacenamento de datos con partes móbiles que se conforma por pistas e sectores.
- B) Secure System Disk. É un sistema de almacenamento de datos cifrado AES 128.
- C) Solid State Disk. É un dispositivo de almacenamento de datos que utiliza discos magnéticos.
- D) Solid State Drive. É un dispositivo de almacenamento de datos sen partes móbiles que se conforma por pistas e sectores.

15. Que tipo de malware permite o acceso remoto dun atacante ao equipo da vítima?:

- A) Verme.
- B) Spyware.
- C) Virus.
- D) Troiano.

16. Das seguintes opcións de resposta que se propoñen, cal se corresponde co protocolo utilizado para enviar mensaxes de erro, información operativa, indicando que un host non pode ser localizado ou que un servizo que se solicitou non está dispoñible:

- A) ICPM.
- B) FTP.
- C) SMTP.
- D) POP3.

17. Que é un servidor APACHE?:

- A) É un servidor web HTTP de código pechado para plataformas UNIX.
- B) É un servidor web HTTP de código aberto para plataformas UNIX, Microsoft Windows e outras.
- C) É un Microsoft Windows Server especializado no deseño gráfico.
- D) É un servidor web HTTP exclusivo para clientes UNIX/LINUX.

18. Wifi 6 é un estándar de transmisión sen fíos que corresponde a Wifi:

- A) 802.11ax.
- B) 500v.
- C) 802.120.
- D) W802.fd.

19. Como se denominan as linguaxes informáticas interpretadas, utilizadas para dar instrucións a outro software como navegadores web, servidores ou aplicacións independentes?:

- A) Linguaxes de script.
- B) Linguaxes de consulta.
- C) Linguaxes de programación de baixo nivel.
- D) Linguaxes de transformación.

20. Cal dos seguintes NON é un dos protocolos que forman parte de maneira esencial de Active Directory?:

- A) Kerberos.
- B) DLNA.
- C) LDAP.
- D) DNS.

21. Nas copias de seguridade D2D2C:

- A) Tamén coñecidas como copia híbrida, cópiase a información primeiro en discos e posteriormente, replícase na nube.
- B) Tamén coñecida como copia directa, cópiase a información en cintas de alta capacidade.
- C) Tamén coñecida como copia mixta, cópiase a información primeiro en cintas de alta capacidade e posteriormente en discos.
- D) Tamén coñecida como copia mixta, cópiase a información primeiro en discos e logo en cintas de alta capacidade.

22. Cal é a definición correcta de Docker?:

- A) É un proxecto que automatiza o despregamento de máquinas virtuais.
- B) É un proxecto de código aberto que automatiza o desdoblamento de aplicacións dentro de contedores de software.
- C) É unha plataforma que permite aplicar diversas técnicas de control de virtualización para utilizar, ao mesmo tempo, diferentes sistemas operativos.
- D) É un kernel que permite desdobrar contedores de software.

23. Cal é a propiedade ou característica consistente en que as actuacións dunha entidade poden ser imputadas exclusivamente á devandita entidade?:

- A) Autenticidade.
- B) Confidencialidade.
- C) Integridade.
- D) Trazabilidade.

24. En telefonía Móbil GSM, que base de datos utilízase para almacenar datos do cliente?:

- A) BAS e CSM.
- B) BTS e BSC.
- C) MSC e EAR.
- D) VLR e HLR.

25. O sistema que permite devolver unha chamada telefónica non atendida a un usuario do sistema sanitario do SERGAS, chámase:

- A) IANUS.
- B) SIGAP.
- C) CRM 100.
- D) QUERES.

26. Que tipo de información pode conter o estándar HL7 CDA?:

- A) Información do persoal do hospital.
- B) Calquera tipo de información clínica.
- C) Só datos numéricos de episodios clínicos.
- D) Información clínica e imaxes radiolóxicas.

27. Indicar cal das seguintes aplicacións NON se corresponden con sistemas de escritorio remoto:

- A) Telnet.
- B) VNC.
- C) TeamViewer.
- D) Splashtop.

28. Cal destes non é un protocolo de Rede?:

- A) DSN.
- B) HTTP.
- C) DHCP.
- D) BDF.

29. Na ficha de condicións de servizo dun artigo, cales destes datos deberían de estar correctamente identificados?:

- A) O prezo e o I.V.A.
- B) Só os descontos.
- C) Prazo de entrega e frecuencia de servizo.
- D) Prazo de entrega e prezo.

30. Cal é o significado das siglas TPM con respecto aos Monitores Transaccionais?:

- A) TPM significa Transaction Processing Monitor.
- B) TPM significa Transaction Present Mannager.
- C) TPM significa Ticket Processing Monitor .
- D) Ningunha resposta é correcta.

31. Cales son os compoñentes troncais do sistema de valor do servizo (SVS) en ITILv4?:

- A) A cadea de valor do servizo, os requisitos mínimos, os principios guía, o goberno e a mellora continua.
- B) A cadea de valor do servizo, as prácticas, os principios guía, os bens e servizos e a mellora continua.
- C) A cadea de valor do servizo, os requisitos mínimos, os principios guía, os bens e servizos e a mellora continua.
- D) A cadea de valor do servizo, as prácticas, os principios guía, o goberno e a mellora continua.

32. Cal das seguintes normas regula o uso e acceso á historia clínica electrónica?:

- A) O Decreto 29/2009, do 5 de febreiro.
- B) O Decreto 206/2008, do 28 de agosto.
- C) O Decreto 429/2009, do 3 de decembro.
- D) A Orde do 12 de xullo de 1995.

33. Na programación orientada a obxectos, como se denomina a ocultación do estado dun obxecto coa protección dos seus métodos (o concepto que permite illar un obxecto respecto a outro)?:

- A) Polimorfismo.
- B) Encapsulamento.
- C) Aislamento.
- D) Identidade.

34. Cal destes non é un dos buscadores da internet dispoñibles hoxe en día?:

- A) Google.
- B) Ask.
- C) Yippi.
- D) Magento.

35. Os dispositivos ou sistemas que están deseñados para filtrar o acceso autorizado, do non autorizado, das comunicacións entre dúas ou máis redes, denomínanse:

- A) Hub.
- B) Router.
- C) Firewall.
- D) Switch.

36. Que afirmación é certa en relación a un servidor proxy?:

- A) Non pode modificar os contidos da comunicación, só bloquealos.
- B) Analiza a PDU en cada unha das 7 capas do modelo OSI, antes de realizar a entrega.
- C) Establece un túnel entre o cliente local e o destino en Internet e desenténdese do resto da comunicación.
- D) Protexe as conexións a Internet anonimizando a dirección IP do cliente.

37. Nun sistema de información de radioloxía, que é DICOM?:

- A) Un tipo de mensaxería HL7.
- B) Sistema do H.I.S. para almacenar imaxes radiolóxicas.
- C) Protocolo estándar de transmisión, almacenamento, visualización e impresión de imaxes médicas.
- D) Xestor de comunicacións do Servizo de Radioloxía.

38. Principal vantaxe do protocolo HTTPS respecto ao HTTP:

- A) Maior seguridade ao utilizar o noso usuario e contrasinal.
- B) Maior velocidade de transmisión.
- C) Maior fiabilidade ao comprobar os datos por SSL.
- D) Maior seguridade por encriptación dos datos a través de SSL/ TLS.

39. Cal é a principal péga que se lle imputa á metodoloxía de 'Desenvolvemento Áxil de Software':

- A) A escaseza de probas na fase de desenvolvemento.
- B) A práctica carencia de documentación técnica.
- C) A alta porcentaxe de erros no software.
- D) O abuso de software de terceiros.

40. Co obxectivo de asegurar un enfoque holístico con respecto á xestión de servizos, ITIL 4 destaca catro dimensións da xestión de servizos, a partir das cales debería considerarse cada compoñente do SVS. Cal das seguintes NON é unha delas?:

- A) Organizacións e persoas.
- B) Información e tecnoloxía.
- C) Medios e recursos.
- D) Socios e provedores.

41. Cal é unha sentenza do DDL (Data Definition Language)?:

- A) DELETE.
- B) ALTER.
- C) UPDATE.
- D) SELECT.

42. Que é un motor de integración entre aplicacións?:

- A) Un software deseñado para simplificar a creación de interfaces entre sistemas e aplicacións dunha organización.
- B) Un hardware de interface entre aplicacións e sistemas.
- C) Un software de aplicacións estandarizadas instaladas nun mesmo servidor.
- D) Ningunha resposta é correcta.

43. Unha APT caracterízase por:

- A) Atacar de forma indiscriminada a calquera vítima potencial na rede.
- B) Pedir un rescate en criptomoedas para poñer fin ao ataque.
- C) A capacidade de atacar de forma continuada no tempo.
- D) Ningunha resposta é correcta.

44. En relación coas probas de software, cal das seguintes afirmacións aplica ás probas de caixa negra?:

- A) Realízanse sobre os módulos de maneira individual.
- B) Realízanse sobre a interface, validando as entradas e saídas.
- C) Requiren coñecer o comportamento interno do programa.
- D) Realízanse por parte do cliente nunha contorna de desenvolvemento.

45. Cal destas aplicacións informáticas non é un procesador de textos?:

- A) Microsoft Word.
- B) Apache OpenOffice Writer.
- C) LibreOffice Writer.
- D) EscribeWord.

46. A través de que protocolo podemos obter o control remoto dun equipo con sistema operativo Windows?:

- A) SMBv2.
- B) STP.
- C) RDP.
- D) CIFS.

47. Unha utilidade básica para a monitoraxe de sistemas GNU/Linux é a ferramenta:

- A) Top.
- B) GNUMon.
- C) Process Explorer.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

48. Cal destes é un CMS popular?:

- A) WordPress.
- B) Autocad.
- C) Powerpoint.
- D) Excel.

49. Cal das seguintes solucións desenvolvidas polo CCN podemos utilizar para realizar unha análise de riscos?:

- A) LORETO.
- B) PAULA.
- C) PILAR.
- D) AMPARO.

50. Cal das seguintes ferramentas pode integrar funcionalidades como devasas, antivirus, IDS/ IPS, antiphishing, entre outras?:

- A) Integral Security Management (ISM).
- B) Next Generation Proxy (NGPR).
- C) New Generation Security Management (NGSM).
- D) Unified Threat Management (UTM).

51. Cal destas afirmacións sobre as etiquetas RFID é FALSA?:

- A) Poden ser activas, semipasivas (tamén coñecidas como semiactivas ou asistidas por batería) ou pasivas.
- B) Unha vantaxe sobre as etiquetas de código de barras é a capacidade de almacenamento de datos dunha etiqueta RFID é tal que pode conter ata catro millóns de caracteres.
- C) Unha desvantaxe con respecto ás etiquetas de código de barras é o seu custo, que é máis elevado.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

52. Que é unha rede LAN?:

- A) Rede de comunicacións de área global.
- B) Rede de comunicacións entre ordenadores situados en zonas xeográficas extensas.
- C) Rede de comunicacións entre ordenadores situados no mesmo edificio ou en edificios próximos.
- D) Rede de comunicacións a nivel internacional.

53. Cales son os beneficios dos contedores?:

- A) Menor portabilidade.
- B) Mais sobrecarga nos sistemas.
- C) Maior eficiencia.
- D) Todas as respostas son correctas.

54. Unha unidade de disco de estado sólido (SSD):

- A) Os seus compoñentes mecánicos son máis lixeiros, o que permite un arranque máis rápido.
- B) Carecen de partes móbiles, almacenan a información nun dispositivo de memoria, en lugar de pratos ou discos mecánicos.
- C) Só se pode utilizar en dispositivos portátiles, polo seu tamaño reducido.
- D) So se emprega en PC.

55. Cal dos seguinte NON é un dos dereitos contemplados no Título III da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais?:

- A) Dereito de portabilidade.
- B) Dereito de confirmación.
- C) Dereito de acceso.
- D) Dereito de rectificación.

56. Docker, utilízase para:

- A) Monitorar a carga das aplicacións.
- B) Crear contedores con todo o necesario para que as aplicacións funcionen e sexan executadas.
- C) Traballar con sistemas Oracle ou RedHat.
- D) Elaborar estatísticas e informes de usabilidade.

57. Das seguintes direccións IPv4 das que se propoñen a continuación, é unha dirección NON válida:

- A) 192.168.10.10
- B) 10.1.8.200
- C) 69.115.129.261
- D) 192.1.10.10

58. Se nunha folla de Excel a cela A2 contén A2022SSAA e introduzo na cela B2 =EXTRAE(A2;2;4). Que aparecería na cela B2?:

- A) 202.
- B) 22SS.
- C) 2022.
- D) SSAA.

59. Temos que crear unha colección chamada libros en MongoDB. Que utilizaríamos?:

- A) Db.Collection().
- B) Db.createCollection("libros").
- C) Db.Create(collection Libros).
- D) Create (Libros collection).

60. Teño tres dispositivos sen fíos na miña oficina e quero conexión a internet. Que é o que necesito para que me distribúa o sinal?:

- A) Router Wifi.
- B) Host.
- C) CSM.
- D) ASS.

61. Un técnico vai realizar un cambio estándar, cuxo procedemento está definido, sobre un elemento de rede da organización. No marco de ITILv4, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- A) É necesario solicitar autorización.
- B) É necesario realizar unha avaliación de riscos.
- C) O cambio é de baixo risco.
- D) O proceso de avaliación e autorización do cambio debe axilizarse para poder implementar o cambio con rapidez.

62. Temos que realizar tarefas de mantemento nas nosas máquinas HP- UX. O xestor da base de datos de Informix está en modo en liña. Que comando utilizaremos para poñer o xestor fóra de liña?:

- A) Oninit.
- B) Onmode -ky.
- C) Onstat -u.
- D) Onmode -g.

63. Necesítase montar unha rede de fibra óptica entre dous edificios que distan 300 km e que permita transmitir elevadas taxas de información (10 Gbit/ s). Que tipo é o aconsellable e que cable debería utilizarse?:

- A) Multimodo.
- B) Multimodo e cable de estrutura axustada.
- C) Monomodo e cable de estrutura folgada.
- D) Monomodo e cable de estrutura axustada.

64. Un usuario da organización pídenos que lle configuremos a conta de correo electrónico corporativo nun dispositivo móbil que lle cedeu a organización. Que tipo de conta é a que lle temos que configurar no dispositivo móbil?:

- A) Gmail.
- B) Exchange.
- C) Correo POP3.
- D) <https://micorreocorporativo.com/sergas>.

65. Como se determina o número de receitas e a data de dispensación no sistema IANUS?:

- A) O/a facultativo/a prescriptor/a especificará necesariamente o plan de dispensación segundo, as necesidades do/da paciente.
- B) O/a farmacéutico/a homologador/a poderá axustar o plan de dispensación ás necesidades do/da paciente, modificando a cadencia de dispensación prevista das receitas.
- C) A partir dos datos de posoloxía e duración do período recetado consignados na prescrición e o número máximo de envases por receita.
- D) A partir da Clasificación Internacional da Atención Primaria (CIAP-2) consignada no episodio asociado á prescrición.

66. A organización pídelles que avalíe ferramentas de virtualización en posto cliente. Da relación de ferramentas que se propoñen, cal non se corresponde cun sistema de virtualización?:

- A) VirtualBox.
- B) VMware.
- C) Citrix.
- D) Siag.

67. Queremos comprobar o estado dos certificados dos usuarios que tentan acceder a súa historia clínica. Como podemos verificar a súa validez sen recorrer á descarga de listas CRL?:

- A) A través do protocolo MPLS.
- B) A través do protocolo OSPF.
- C) A través do protocolo RSVP.
- D) A través do protocolo OSCP.

68. Queremos borrar o contido da táboa EMPREGADOS pero sen borrar a táboa. Que comando de sql utilizaríamos?:

- A) TRUNCATE.
- B) DELETE.
- C) DROP.
- D) ELIMINA.

69. Na nosa organización vaise implantar o teletraballo e os usuarios necesitarán conectarse á rede corporativa desde os seus fogares. Que tipo de VPN debemos despregar?:

- A) VPN de acceso remoto.
- B) VPN punto a punto.
- C) VPN over LAN.
- D) VPN Sign-on.

70. Se un atacante analiza o tráfico da nosa rede con Wireshark, a que dimensión de seguridade estaría a afectar?:

- A) Confidencialidade.
- B) Dispoñibilidade.
- C) Integridade.
- D) Autenticidade.

71. Estamos a valorar a implantación dun sistema de xestión de información e eventos de seguridade (Security Information and Event Management – SIEM) na nosa organización. Cal das seguintes NON supoñería unha vantaxe para ter en conta?:

- A) É posible configurar o sistema jerarquicamente, facilitando a escalabilidade.
- B) Simplicidade na implementación, ao non ser necesario o coñecemento da topoloxía da rede e os seus protocolos.
- C) Permite o uso de cadros de mando.
- D) Utiliza técnicas de correlación para integrar fontes heteroxéneas, co fin de converter datos en información.

72. Na estándar «Web Service Description Language» (WSDL), con que elemento se describen as accións soportadas polo servizo?:

- A) Funcións.
- B) Accións.
- C) Operacións.
- D) Instrucións.

73. En MVC, que parte se encarga de realizar as principais operacións sobre os datos do usuario?:

- A) A base de datos.
- B) O controlador.
- C) O modelo de datos.
- D) O data pointer.

74. Con cal das seguintes extensións podemos gardar un ficheiro que conteña a clave privada do certificado dixital?:

- A) .p12.
- B) .cer.
- C) .cab.
- D) .crt.

75. Necesítase levar un control de provedores e produtos (libros e revistas) nunha pequena librería. Un provedor ten un id editorial, nome, dirección, teléfono e páxina web. Un produto ten un id único, tipo (revista ou libro), nome, prezo actual, stock e o id provedor que o subministra. Cantas entidades están implicadas?:

- A) 3.
- B) 2.
- C) 4.
- D) 1.

76. Temos un CPD con 3 armarios, a densidade dos armarios impares (1 e 3) é de 1.500Va, a densidade dos armarios pares (2) é de 2.500Va. Pídenos que calculemos a potencia que necesitamos para os SAI' s que subministrarán enerxía ao CPD. De que potencia debería ser cada un dos SAI?:

- A) 2,5KV a entre os dous SAI's.
- B) 2,5KV a cada un deles.
- C) 6KV a cada un deles.
- D) 5,5KV a entre os dous SAI's.

77. A seguinte porción de código corresponde a un tipo de programación:

```
cart1i++;  
for (i=0; i<5; i++){  
if (!Valida(ar[i], br[i])) printf ("Los artículos de la posición %d son iguales\n", i+1);  
else printf ("Los artículos de la posición %d son distintos\n", i+1);  
}  
cart1i := cart1i+i;
```

- A) Orientada a obxectos.
- B) Código áxil.
- C) Estructurada.
- D) Enxeñería inversa.

```

<html>
<head>
</head>
<body>
<h1>Páxina Inicio</h1>
<a href="pagina2.html">Información</a>
</body>
</html>
pagina2.html
<html>
<head>
</head>
<body>
<h1>Información</h1>
<a href="pagina1.html">Inicio</a>
</body>
</html>

```

78. Na imaxe precedente pódese ver un código HTML. Que é o que fai?:

- A) Confecciona unha Páxina Inicio que ten un hipervínculo a outra páxina, a páxina2 Información. Ademais a páxina2 Información ten tamén un hipervínculo á páxina1 Páxina Inicio.
- B) Mostra a páxina 1 e a páxina 2 xuntas.
- C) Mostra Páxina de Inicio.
- D) Non mostra ningún hipervínculo.

79. Temos dúas táboas : PRODUCTOS cos campos ID, NOMBRE, PROVEEDOR, CANTIDAD E COSTE e PROVEEDORES cos campos PROVEEDOR, NOMBRE, DOMICILIO, TELEFONO E CORREO. Se queremos listar todos os correos dos provedores que sumistren mazás sabendo que se rexistraron na táboa de PRODUCTOS co nome de MANZANA. Que sentenza SQL utilizaríamos?:

- A) SELECT CORREO FROM PRODUCTOS,PROVEEDORES WHERE PRODUCTOS.NOMBRE = 'MANZANA' AND PROVEEDORES.PROVEEDOR= PRODUCTOS.PROVEEDOR.
- B) SELECT CORREO FROM PROVEEDORES WHERE PROVEEDOR not IN (SELECT PROVEEDOR FROM PRODUCTOS WHERE NOMBRE = 'MANZANA').
- C) SELECT CORREO FROM PRODUCTOS, PROVEEDORES WHERE NOMBRE = 'MANZANA'.
- D) SELECT 'MANZANA',CORREO FROM PROVEEDORES,PRODUCTOR ORDER BY NOMBRE.

80. Nun hospital vaise implantar unha aplicación para xestionar as dietas de todos os pacientes ingresados. Na definición do Esquema de Formación de usuarios finais, seguindo a metodoloxía Métrica 3, quen sería os que participan nesta tarefa?:

- A) Analistas.
- B) Analistas e Equipo de Formación.
- C) Equipo de Proxecto e Equipo de Formación.
- D) Equipo de Formación.

81. Temos unha aplicación publicada nun equipo chamado ServidorWeb, no que temos instalado un servidor Apache. Indícanos que debemos cambiar o porto de acceso á aplicación para que responda pola URL <http://ServidorWeb:8090/AppGestion/faces/login.xhtml>. Que cambio sería o correcto?:

- A) Eliminar información de sitios web no explorador e acceder de novo á URL <http://ServidorWeb8090/appGestion/faces/login.xhtml>.
- B) Cambiar no ficheiro de configuración server.xml situado na ruta de instalación de Tomcat o parámetro RedirectPort='8443'por RedirectPort='8090'.
- C) Cambiar no ficheiro de configuración server.xml situado na ruta de instalación de Tomcat o parámetro Connector Port='8080' por Connector Port='8090' e reiniciar o Servidor Apache.
- D) Eliminar información de sitios web e reiniciar Servidor Apache.

82. Á hora de definir a política de copias de seguridade da organización, o período de tempo máximo no que a organización asume a perda de datos, denomínase:

- A) RTO (Recovery Time Objective).
- B) MTD (Maximun Tolerable Downtime).
- C) ROL (Revised Operating Level).
- D) RPO (Recovery Point Objective).

83. Cal das seguintes condicións pode cumprirse para que o tratamento dos datos persoais dun usuario que navega pola páxina web do Sergas sexa lícito?:

- A) O interesado outorgou o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.
- B) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese do encargado do tratamento.
- C) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao interesado.
- D) O tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos por un terceiro implicado.

84. Nun hospital, están a cometerse moitos roubos e instaláronse uns dispositivos receptores ocultos nas entradas que permiten identificar a información a través de ondas de radiofrecuencia. Como debemos etiquetar o material para ser detectado ao saír da súa zona?:

- A) Etiquetas RFID.
- B) Etiquetas de Códigos de Barras.
- C) Etiquetas co número do produto.
- D) Etiquetas co Nome do Produto.

85. A que clase pertence a dirección 150.10.14.0?:

- A) Clase A.
- B) Clase B.
- C) Clase C.
- D) Clase D.

86. Ana de 18 anos, filla de Francisco, estivo ingresada no hospital. Francisco vén pedir unha copia dos informes de Ana que lle solicitan para tramitar a baixa:

- A) Facílítanselle, pero debe cubrir un impreso para que quede constancia da copia entregada.
- B) Debe dirixirse ao Servizo de Documentación Clínica para que impriman as copias.
- C) Ten que falar co facultativo que a atendeu para que este facilite toda a documentación relativa ao ingreso.
- D) Non se lle pode entregar a documentación sen a autorización da súa filla.

87. A continuación preséntanse varias ferramentas coas que poderemos realizar un escáner de vulnerabilidades. Cal NON pertence a esta categoría?:

- A) OWASP ZAP.
- B) Aircrack-ng.
- C) VIPRE.
- D) Nessus.

88. Pídeselle que decida o tipo de direccionamento IP privado para configurar a rede privada do SERGAS. Cal dos tipos de direccións IP sería a INCORRECTA?:

- A) Clase A.
- B) Clase C.
- C) Clase D.
- D) Clase B.

89. Pídenos deseñar un CPD que estea dispoñible o maior tempo posible. Baixo que norma debemos basear o deseño do CPD?:

- A) TIER 1.
- B) TIER 4.
- C) TIA 945-B.
- D) TIER 3.

90. A área sanitaria de Lugo, quere implantar un portal colaborativo, de uso específico para os profesionais da súa área e con acceso único a través de conexión corporativa. Sobre que rede debería establecer este portal:

- A) Internet.
- B) Arpanet.
- C) Intranet.
- D) Supranet.

91. Que protocolo evita problema de bucles das tramas duplicadas nun switch ao activar ou desactivar de modo automático as ligazóns de conexión?:

- A) TCP.
- B) FTP.
- C) STP.
- D) IP.

92. Unha empresa de Mercadorías utiliza o OWA (Outlook Web Access) e necesitan que Pepe e María de Secretaría reciban as listas de produtos diariamente das distintas tendas, pero que cada un soamente poida contestar desde a súa conta de correo. Que é o que teñen que configurar?:

- A) Unha lista de distribución cos dous.
- B) Unha conta xenérica cos dous.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Non se pode co correo electrónico OWA.

93. Indique a resposta INCORRECTA respecto á estratexia 3-2-1 de copia de seguridade:

- A) Baséase en diversificar as copias de seguridade para garantir que sempre haxa algunha recuperable.
- B) É un ciclo de rotación de copias de seguridade coñecido como GFS (Grandfather - Father - Son).
- C) Require manter os ficheiros en dous soportes distintos de almacenamento para protexelos ante distintos riscos.
- D) Require almacenar unha copia de seguridade noutro lugar (backup offsite).

94. Fixémoslle unhas modificacións ao arquivo esperanza.docx e agora queremos gardalo. Que teclas debemos usar?:

- A) Ctrl+G.
- B) Alt+F3+G.
- C) Alt+G.
- D) Alt+F4.

95. Entre as vantaxes da virtualización de servidores atópase a de:

- A) Ofrecer aos programadores sistemas illados e independentes sen preocuparse de afectar a outras aplicacións.
- B) Ofrecer un sistema que implica un consumo elevado de recursos superiores ao que tería nun servidor físico dedicado.
- C) Ofrecer un sistema no que, modificando a configuración dun dos sistemas virtualizados, replicaría a todos os demais servidores.
- D) Ofrecer un sistema limitado en recursos que non pode ser escalado.

96. Un paciente atópase ingresado no hospital, nunha cama do Servizo de Cirurxía e solicitan traslado a unha cama do Servizo de Medicina Interna. As notificacións son mediante mensaxería HL7. Que tipo de mensaxe debe tramitar para que este cambio físico se realice na aplicación de farmacia?:

- A) ATD_02.
- B) ADT_02.
- C) ADT_08.
- D) OMI_02.

97. Necesitamos engadir un campo máis á táboa EMPREGADOS. Que comando utilizaríamos?:

- A) MODIFY TABLE.
- B) ALTER TABLE.
- C) INSERT TABLE.
- D) ENGADIR CAMPO.

98. En relación coas probas de software, que paso dos seguintes convén realizar ao levar a cabo unha proba de bucles?:

- A) Pasar dúas veces polo bucle.
- B) Pasar unha soa vez polo bucle.
- C) Pasar por alto totalmente o bucle.
- D) Todas as respostas son correctas.

99. Un Facultativo necesita buscar na historia clínica electrónica (IANUS), un informe dun paciente:

- A) Só pode atopalo na árbore do paciente.
- B) Se o informe non é do seu servizo, non pode velo.
- C) Pode atopalo na árbore do paciente e na pestana 'Informes'.
- D) Debe de realizar primeiro unha petición.

100. Usando un sistema operativo Linux, necesitamos crear o directorio «proba» dentro do directorio TMP. Das opcións que se propoñen, cal é a correcta?:

- A) mkdir /tmp/proba.
- B) mkdir /proba.
- C) mkdir /proba/tmp.
- D) mkdir \tmp/proba.

101. Dos dispositivos que se propoñen a continuación, cal non sería necesario instalar na consulta dun médico dun centro de saúde calquera da organización?:

- A) Escáner.
- B) Lector tarxetas chip.
- C) Monitor.
- D) Teclado.

102. A organización decidiu virtualizar os escritorios. Ademais, dotará de computadores portátiles aos traballadores, a fin de conectarse á VDI, desde calquera sitio. No posto de traballo oficial, a fin de facilitar a conexión aos periféricos esenciais dos que dispón no posto de traballo, dotarase de:

- A) O cableado necesario.
- B) Un cadeado para que non lle rouben o portátil.
- C) Pantalla, teclado e rato.
- D) Dock station para a conexión dos periféricos.

103. Cal destes parámetros NON é un indicador do rendemento dun disco mecánico?:

- A) Densidade máxima.
- B) Latencia angular.
- C) Momento angular.
- D) Tempo de busca.

104. Que medio podemos utilizar para previr ou reducir o impacto dun ataque de tipo ransomware?:

- A) O uso de tecnoloxía Sandboxing.
- B) Despregar microCLAUDIA na nosa organización.
- C) Realizar copias de seguridade periódicas.
- D) Todas as respostas son correctas.

105. Nun sistema de cableado estruturado, indique como se denomina ao cableado que vai desde o armario de comunicacións á toma de rede do usuario:

- A) Cableado vertical.
- B) Cableado horizontal.
- C) Cableado asimétrico.
- D) Cableado de campus.

106. Executamos a seguinte instrución SQL: UPDATE VEHICULOS SET CUSTO = 30000 WHERE MARCA='COCHE' AND CUSTO BETWEEN 15000 AND 25000. Que resultado obtivemos?:

- A) Cambiámoslle o custo de todos os vehículos a 30000.
- B) Nos lista aqueles vehículos COCHE cuxo custo esté comprendido entre 15000 e 25000.
- C) Modifícanos o custo a 30000 de todos os vehículos da marca COCHE.
- D) Modifícanos o custo a 30000 dos vehículos cuxa marca é COCHE e o custo está comprendido entre 15000 and 25000.

107. Pídenos que valoremos para noso CPD, un sistema de autenticación e identificación, a fin de controlar o acceso. Cal dos que se relacionan a continuación sería o método máis seguro?:

- A) Identificar o usuario e sistema GPS.
- B) Folla de rexistro.
- C) Código BIDI.
- D) Escaneo de iris.

108. Temos que sumar os custos de cada pedido que temos rexistrado no arquivo pedidos.xls. Estes están rexistrados no rango desde a cela B2 á B200 e a suma queremos que apareza na cela B201. Que teriamos que escribir tras posicionarnos na cela B201?:

- A) =SUMAME(B2:B200).
- B) =CUENTA(B2:B200).
- C) =CREATOTAL(B2:B200).
- D) =SUMA(B2:B200).

109. Que solución podemos implantar para facer fronte especificamente ás Ameazas Persistentes Avanzadas?:

- A) Desactivar vPRO en todos os equipos da organización.
- B) CONAN host, desenvolvida polo INCIBE.
- C) Despregar WSUS en todos os equipos da organización.
- D) CARMEN, desenvolvida polo CCN-CERT.

110. Un paciente foi a revisión ao endocrinólogo no hospital e, pasados uns días, quere comunicar os valores das súas constantes, sen necesidade de acudir de novo á consulta. Que plataforma informática do SERGAS deberá utilizar?:

- A) IANUS.
- B) TELEA.
- C) Chamar ao centro de saúde para que a rexistre o Facultativo de AP
- D) O SERGAS NON dispón de ningunha plataforma para realizar estes rexistros.